

Silvia Rodríguez considera “vergonzoso o papelón do alcalde co patrimonio municipal” e lamenta que o único modo que ten Serrano de facer investimentos sexa coa “venta dun capital que é de todos”

“Dada a perda de patrimonio que estamos a sufrir desde a súa chegada ao concello”, subliña que “será o primeiro alcalde de Portomarín que deixará concello nunha situación máis pobre”

Para a socialista o proceder do rexedor é un exemplo de que a súa capacidade de negociación “é nula”, incluso coa Xunta, pois se se compara o compromiso do Goberno galego con outros concellos limítrofes, “veise como saímos perdendo notablemente os cidadáns de Portomarín”

PORTOMARÍN, 11 DE DECEMBRO DE 2014.- O PSOE de Portomarín considera “vergonzoso o papelón que está facendo o alcalde co patrimonio municipal”, e lamenta que a única forma que ten o Goberno municipal de facer investimentos sexa a través da venda “dun capital que é de todos os veciños e veciñas”.

“Estamos vendo que o que está a facer é despilfarrar en ferros, cunha perda de valor considerable, e en gravillas para facer favores de cara ás próximas eleccións municipais”, subliña. Por iso, “dada a perda de patrimonio que estamos a sufrir desde a súa chegada ó concello”, indica que Serrano “será o primeiro alcalde de Portomarín que deixará concello nunha situación máis pobre”.

“Capacidade ene negociación nula”

Para a voceira socialista –Silvia Rodríguez– o proceder do rexedor é un exemplo de que a capacidade de negociación de Serrano “é nula”, incluso coa Xunta de Galicia, “pois xa que se tanto lle gusta compararse cos concellos veciños, que o faga tamén neste senso, e así verá como nisto os cidadáns de Portomarín saímos perdendo notablemente”.

Un bo exemplo disto, destaca, é aquela promesa electoral de acometer de forma imminente a construción dun Centro de Día; infraestrutura que “nos vendeu Serrano e Susana López Abella durante a campaña electoral das municipais de 201, pero de dita promesa xa nada se sabe, cando é unha infraestrutura básica para os veciños e veciñas de Portomarín, dado o crecente avellentamento e deterioro da nosa poboación”.

Asimesmo, Silvia Rodríguez critica que “tampouco escoitamos nada, nin unha soa palabra ou queixa sobre a situación do Helipuerto, cando, mentras outros

concellos están apostando por esta infraestrutura, Portomarín foi abandonado por parte da Xunta de Galicia e xa non acolle nin helicóptero nin brigadas durante as campañas de incendios”.

Outra mostra “da indiferencia” do goberno de Feijoo, explica, é que diante o notable deterioro das infraestruturas viarias nas parroquias, o goberno municipal teña que recurrir a bachear as pistas municipais con terra ou destinar unha importante cantidade da venda das casas, que eran propiedade do Concello, a este fin”.